

C

PAROLAS

SOBRE

A PROPIEDÁ

POR

Arturo Noguero l Buján

D' A IRMANDÁ REXIONALISTA

D' OURENSE



OURENSE

IMPRENTADO EN "LA REGIÓN"

MCMXVIII

F-15819

PAROLAS  
SOBRE  
A PROPIEDÁ

POR

Arturo Nogueroi Buján

D' A IRMANDÁ REXIONALISTA

D' OURENSE



OURENSE  
IMPRENTADO EN "LA REGIÓN"  
MCMXVIII

R. 12341



ipp

## Ó LEUTOR

---

*Este molliño de papeles non tén outro valor qu' o traballo que representa o dar forma ás notas y-ós apuntes que tomamos d' eiquí e d' aculá ó facer os nosos estudos acerca d' a materia sobre que sexa.*

*Esquirbimos este folleto en persecución de dous fis. Por unha parte propoñémonos esparrexer o coñecemento de como a propiedade é tan inmanente com' a Humanidá; á vez, queremos mostrar como a propiedade, en cant' ó dereito, cambea de xeito baixo a influencia*

*d' as ideas e d' os sentementos d' o pobo, pois o dereito de propiedá, como calquer outro dereito positivo humano, é un produto forxado incoscientemente pol-a «forxa tenebrosa» d' o espirto d' o pobo (o calor d' os prencípios d' equidá e de xusticia impresos n-o corazón d' o home), que cumprindo os acomendamentos secretos d' a Providencia, aven os intereses d' a sociedad c' os d' os individuos, aínda que n-un momento dado pareza que quedan por riba os ús d' os outros.*

---

## PAROLAS SOBRE A PROPIEDÁ

---

¿Que é a propiedá? A propiedá en canto feito é «unha relación económica, a relación económica por escelencia»; en canto dereito, como dí un sabido xurista é «a facultá moral de dispoñer libremente d' os bés materiais esternos con exclusión d' os demais».

«A propiedá—dice Manresa—é unha condición fundamental y-esencial d' a vida humana, en canto imprica aquela relación íntima que costantemente e d' un modo necesario, mantén o home co' a Naturaleza, pra outer d' éla por apricación racional d' a súa autividá, os aproveitamentos e utilidás de que é susceptible».

A propiedade, como consiste n' unha relación esencial e necesaria, pois o home sin propiedade non pode ser concebido, é un fenómeno económico que se realizou en todos os tempos d'a Hestoria.

A propiedade en canto relación económica que cai baixo a acción inmediata d' o espírito d' o home, presenta n-o trascurso d' os tempos formas moi variadas; d' ahí o equivocados qu' están aqueles que, concebindo a vida económica como un proceso puramente natural e técnico e olvidando o influxo enorme que teñen os factores psicolóxicos na organización e desenvolvemento d' a vida económica, tratan de reducir a unha forma única a propiedade; pois debían observar, como á pesar de que a lóxica racional indicaba os reis Agis e Cleomene a necesidá de restablecer as institucións antigas y-o nivel d' as fortunas facendo unha nova distribución d' as terras, fracasaron n-os seus intentos e non puderon facer pol-a forza e



c' o apoio d' a democracia o que fixera Licurgo, y-é que n-o espírito d' o pobo tiña entonces máis forza a lóxica d' o sentimento que a d' a razón: o sentimento d' a libertá e d' a propiedá individual eran máis fortes que as conclusións que deducía a intelixencia.

N-a evolución d' a propiedá rural podemos distinguir oito etapas, pois á pesar d' as discusións entabladas n-os últimos tempos é un feito demostrado que a propiedá rural é de fecha bastante recente e que costou moito traballo o estabrecela.

1.ª As tribus que vivían d' a caza ou d' o pastoreo non conoceron a propiedá rural, pois aparte de que pra elas non tén razón de eistir, o seu apego á comunidá é tan grande, o estinto de proteución é tan atadeiro, que os hotentotes se reciben algún regalo compárteno deseguida con todol-os qu' estén diante; non saben xantar soios e por moi famentos que s' atopen chaman ó que pase pol-o seu lado e danlle de co-

mer; tratándose d' os nativos d' o continente australiano o produto d' a caza e d' a pesca o mesmo qu' os aparellos y-as armas qu' emplean pra pescar e cazar pertencen ó *clan*; «o comanche quematou unha peza de caza, gard' a pelica, pero a carne destríbúyese según as necesidás d' o grupo e sempre sin rifa. Cada individuo debe adimitir a todol-os membros d' a tribu a participar d' as suas susistencias».

2.<sup>a</sup> A propiedá rural naceu co' a Agricultura. A terra n-un prencipio traballouse en común ou indistintamente; pertencía á sociedade enteira e moitas veces solasmentres temporalmente, porque según nos dí o hestoriador Tácito, os xermanos trocaban as terras todol-os anos: «Arva per annos mutant»; a ocupación d' a terra cesaba ó agotarse, e decir, cando deixaba de producir, e os homes abandonábana pra buscar outra millor; Wallace n-o seu libro sobre a Rusia dí referíndose ó réximen d' a propiedá: «cada familia téa a pose-

sión d' unha *cantidá* determinada, máis ben que a d' un lote determinado de terra».

«As duas terceiras partes de todol-os prados alpestres y-os dous tercios de todol-os bosques suizos son ainda n-a autualidá terras comunales». Varias tribus d' o Brasil, de México, e d' a América central tiñan a costume de traballar as terras en común; os *ulús* d' os buriatas (mongoles), prencipalmente os d' a estepa Kudinsk posen a terra en común e n-o outono reúnense varios *ulús* Kudinsk pra cazar en común; en algunhos pobos de Invernérns susistiu hasta 1801 a costume d' efeutuar a labranza en común; n-as veiras d' o lago Lemán fanse en común os traballos que necesitan os terraplés d' as viñas; y-en Vaud ó acabar o inverno os mozos de varios pobos marchan ás carballeiras pra cortar albres, y-as tráves, os pontós, as travesas y<sup>a</sup> a leña repártena entre as familias ou véndena en beneficio d' elas.

Os Ossetas d' o Cáucaso segan os prados en común, reparten a herba entre os veciños e ninguén pode collela d' a meda d' os demáis sin o premissa do seu dono, pero cando o cucú c' o seu cantar anuncia que chega a primaveira todol-os que non teñen herba poden coller d' a meda do veciño canta sea precisa pra mantel-o seu cabalo.

Sin embargo, o traballo en común d' as terras non representa o consumo en común, pois desde os tempos mais primitivos eisistiu a costume de facer os xantares dentro d' a cerca d' os parentes.

3.<sup>a</sup> Os homes a medida que se fixeron mais amigos de estar quedos n-un sitio e aumentaron de número, sentiron a necesidá de traballar a terra de maneira que dise mais rendementos, e istintivamente, sin darse conta d' o que faguían, estimularon o traballo por medio d' o culto ó egoismo, (xermen d' o individualismo desenfrenado que azouta as sociedades modernas e d' a gran-

deza podre d' a presente civilización que nos deslumbra co' as suas trolas e boubas), y-ainda qu' a terra continúa pertencendo á sociedade enteira, as terras arables repártense por igual e temporalmente entre todos os xefes de familia: primeiro por un ano, e mais tarde por mais anos. Solamentres o pobo xudío repartiu toda clás de terras, y-a perpetuidá, entre as tribus, (escepto a de Levit que vivía d' o altar) y-as familias, tendo en conta o número de persoas qu' as compuñan, e amortizaron a propiedade n-elas, pois cada corenta e nove anos: o ano d' o xubileo, os bés salidos d' a familia debían volver de valde pr' ela.

Referíndose ó réximen d' a propiedade en Irlanda n-os tempos d' Enrique II dí un tratadista: «Os membros d' a tribu repartíanse a terra; pero unha nova distribución verificábase pasados algunhos anos». O réximen d' o reparto d' as terras arables aínda eisiste en Rusia y-en varios cantós de Suiza.

4.<sup>a</sup> Chegou un día en que os repar-tos temporales d' as terras cairon en desuso debido ó aumento d' o individualismo e comenzou a propiedá familiar quedando a familia dona d' a leira que lle tocara en sorte n-o reparto por igoal ou d' a que s' apropiara n-o comunal; pro ista fase ainda non é a propiedá individual, pois a familia non podía dispoñer d' as suas terras (1) porque non soio era unha propiedá secundaria (a primaria era d' a sociedade enteira) senon que é unha institución relixiosa, y-o vendela representaba un feito impío (2) e por esto era costume en Grecia y-en Roma enterrar ós mortos de cada familia n-a sua herdá; a propiedá d' o nicho

---

(1) A terra n-a India é «como unha especie de depósito ou fideicomiso confiado ó home pra que atenda ás necesidades d' a sua familia... O pai de familia pode enaxenar en vida os bés adquiridos co' a sua industria pero non os indispensables pra sí e a sua familia, nin os herdados».

(2) «Co' a relixión doméstica, que tendía, comose ve, á inalienabilidade d' o dominio».

foi inseparable d'a do agro qu' o rodeaba e quedaban ambos perpétuamente santificados e baixo a proteución d' os manes encerrados n-as entrañas d' os mortos.

5.<sup>a</sup> Esta outra fase d'a propiedá rural que poideramos chamar «monopolio d' a terra» iníciase mercé á ocupación bélica; o vencedor arrebatara ó vencido a propiedá d' as terras, e unhas veces, como facían os suevos, cercan os límites d' os terreos conquistados e déixanos a ermo e desertos, e outras veces conservan ó vencido n-a posesión d' a terra; pro imponéndolle unha suma moi grande de cargas, dando orixen primeiro a réximen de castas (1) e logo ó feudalismo.

---

(1) Nos códigos d' a India léese: «A terra veu a ser, pol-a conquista, propiedá d' o sabio Casyapa: encomendada despois por iste ós Chactryas pra que a protexesen, foi c' o tempo propiedá sua, pra vir a parar por herencia a poderosos conquistadores, e non ós súditos que a traballaban».

«Un pastor irlandés, n-un sermón decía a un auditorio de modestos arrendatarios, con intencionado xúbilo: «Paseándome por un terreo reservado, fun detido por un landlord, que me dixo: «Fora d' eiquí».

— ¿Por qué? ¿De quen lle veu a vosté esta terra?

— De meu pai.

— Y-o pai de vosté.

— Do seu aboo.

— ¿E a aquil aboo?

— Pelexouse pr' adequirila.

— Moi bén! ¡Nós tamén vamos a pelexarnos!

O pastor comenzou a espir o balandrán.

Dice Gumersindo Buxán: «A usurpación d'a terra, a confiscación y-o fraude, aínda son apraudidas pol-as sociedades modernas y-os pobos prepotentes, que, validos d'a súa forza e predominio, cometen inxusticias, tal vez mais irritantes qu' aquelas de que foron víutimas outras xeneraciós, e



lánzanse á conquista de novos territorios espoliando ós seus habitantes».

Hoxe non se pode asegurar nin presumir quenes son os herdeiros d'os espoliados d'a propiedá, tampouco se pode pensar en restituir a istes as suas terras, pois o dono de agros ermos non tendría razón pra reclamar as terras a que estendeu o home a sua persoalidá mediante o traballo.

6.<sup>a</sup> O virse ó chau o réximen feudal as familias prepotentes tratan de conservar a sua influencia polítca por medio d'a propiedá d'a terra, e comenza un proceso d'amortización d'a propiedá rural por medio d'os mayorazgos, d'a libre testamentación, co' a troncalidá y-o consorcio de bês, e c' o privilexo de masculinidá, d'os herdamentos, d'os fideicomisos, d'o retrauto xentilicio, e d' o procedemento procesal d'a «reivindicación común».

7.<sup>a</sup> Estabrecida a igualdá civil; amortizada a propiedá pol-os medios indicados, estando a môr parte n-as

maus d' a Eirexa (1) non soio porqu' as disposiciós eclesiásticas e civiles favorecían as donaciós n-o seu favor (2), senon tamén pol-o incumprimento d' as leis amortizadoras e pol-as compras d' a salvación (3) que se fagúan por medio

---

(1) Según unha alegación de D. Farruco Cuéllar, secretario d' a xunta de única contribución, poseían n-a época de Campomanes os vasallos seglares 61, 196, 166 medidas de terra en toda España, fora d' as provincias esentas; y-as maus mortas eclesiásticas, incluso o clero regular y-o secular 12, 204, 663: unha sesta parte d' as terras apropiadas.

(2) O Concilio de Agde, en Francia, celebrado o ano 506, ordenou ós Bispos istituir herdeiras ás suas Eirexas, cando non tiveran fillos nin netos. Carlo Magno ordenou n-unha capitular qu' os Bispos legaran ás suas Eirexas todol-os bés que adequiriran despois de ordenados. Xustiniano concedeu o privilexo de que a aución pra reivindicar os bés eclesiásticos durase cen anos. A Eirexa de Oviedo outuvo de Ordoño I en 827 a mercé de que os servos d' a coroa poideran darlle a quinta parte d' as suas terras

(3) N-a Edá Media non había apenas testamento en que non se legase algo á Eirexa con algunha d' estas cláusulas: *pol-a salvación d' a*

de legados, divorciad' a agricultura d' a gandería e ista chea de privilexos; (1) gravad' a terra por innumerables cargas, sentíuse a necesidá de combatir a amortización d' a propiedá (2) y-os pre-

---

*miña alma, pol-a redención d' a miña alma, pra remedio d' a miña eterna salvación.* Esta costume chegou a ser tan xeneral e arraigarse tanto, qu' en algunhas naciós testaban os Bispos n-o nome d' os que morrían sin facelo por si mesmos, a fin de que non perder' a Eirex' a manda pía á que xuzgaba ter perfeuto direito.

(1) D. Carlos y-a sua nai D.<sup>a</sup> Xoana en 1552 acomendaron que sé reduxesen outra vez a pasto total-as dehesas cabadas e postas en cultivo n-os oito ou doce últimos anos que foran propias pra cría d' as ovellas ou d' o gando (L. 5, t. 25, lib. 7, Nov. Reco.); e Felipe II en 1580 mandou que non se romperan nin traballaran as terras que se houberan cultivado n-os vinte anos anteriores nin despois d' a citada ley (L. 8, t. 23, lib. 7, Nov. Recop.)

(2) N-o *Norte de Príncipes* pedíase á Felipe II que considerara o que creceran os bés d' a Eirexa e que si non lles puña término e medida, habían de vir a ser d' a Eirexa total-as cousas, herdades e xuros d' o reino. O xurisconsulto Xerónino de Zevallos xuzgaba en 1623 que os moitos eclesiásticos así como as suas

vilexos d' a gandería, de reducir os gravames d' as terras e d' aumentar o número de propietarios mediant' a conservación d' a pequena propiedá donde eisiste xa e creándoa dond' aínda non eisiste, e pra precurar estas cousas unhas veces adiántansell' ós labregos cartos pra que merquen terras; prohíbese o fi-

---

demasiadas riquezas eran o orixen d' o empobrecemento d' o estado seglar e d' a merma d' as rentas d' a coroa. Diego d' Arredondo, contador de rentas dixo n-un discurso sobre o restablecemento d' a monarquía, dirixido a Felipe IV, que si non se puña remedio ó crecemento d' os bés d' a Eirexa, dentro de cuarenta anos non quedaría ningunha finca de porveito, a non ser de mayorazgo, que non pertener' a Eirexa.

Miguel Alvarez Osorio n-o seu *Zelador general para el bien común* pedía que d' acordo co' a Santa Sede se promulgara unha lei obrigand' ó clero, baixo pena de estrañamento, a vender dentro de catro anos os bés que tiña adquiridos. N-a sesión de 11 de Xunio d' as Cortes de 1820 indicou o deputado Moreno Guerra que debían desaparecer total-as vinculaciós.

deicomiso (1) desfanse os mayorazgos, desamortízanse os bês d' a Eirexa, e outras veces imponse o reparto por igual d' os bês en cada traspaso por herencia (2) declárase o dereito d' o propietario a cerrar as suas fincas (3) e

---

(1) A Ordenanza de Orleans de 1560 mandou que as substitucións fideicomisarias non pasasen d' o segundo grado. «As substitucións fideicomisarias... serán válitas e surtirán efecto sempre que non pasen d' o segundo grado, ou que se fagan en favor de persoas que vivan ó tempo d' o falecemento d' o testador» (art. 781, Código civil). «As substitucións fideicomisarias nunca podrán gravar a lexítima. Si recaeran sobre o tercio destinado á millora, soio podrán facerse en favor d' os descendentes» (art. 782, Código civil). «Pra que sexan válitos os chamamentos á substitución fideicomisaria, deberán ser espresos» (art. 783, Código civil).

(2) «N-a partición d' a herencia hase de gardar a posibre igualdá, facendo lotes ou adxudicando a cada un d' os coherdeiros cousas d' a mesma natureza, calidá ou especie» (art. 1061, Código civil).

(3) As Cortes de Cádiz declararon n-a lei de 8 de Xunio de 1813 que os propietarios poderían en adiante dedicar as suas terras a labor ou a pasto ou a cultivo ou ó que mais lle conviñese.

desfranse as terras d' as cargas perpétuas. Est' é o período de democratización d' a terra.

Como queira que o período anteriormente anotado tivo por causa en gran parte o odio d' os desposeídos d' a terra contra os que a poseían, fomentado pol-o estinto de conservación, y o odio impide toda refreición, os propulsores d' o movemento non se diron conta de que a división d' a propiedá mediante o reparto por igoal non lle fai mella os grandes propietarios porque teñen a faltriqueira ben repleta pra poder precurar que lle quede a finca a un fillo e compensarlles os outros en diñeiro a sua lexítima, mentras tanto que o pequeno propietario non pode impedir, dado o cativo d' o seu capital, que desterroen a sua fa-

---

«Todo propietario podrá cerrar ou cercar as suas herdades por medio de paredes, gaviás, setos vivos ou mortos, ou de calquera outro modo, sin perxuicio d' as servidumbres constituídas sobre os mesmos (art. 388, Código civil)».

cenda e desfagan a sua casa en tantos anacos como fillos; este esquecemento d' os predicadores e impulsores d' a democratización d' a terra, acarreeu a escesiva división d' a propiedá rural, a cual e unha d' as causas d' a emigración en Galicia (1); dificulta a titulación escrita e como consecuencia o créto hipotecario; produce o mono cultivo, que fai que os labregos sufran mais os contratempos d' a falta d' as cosechas y a baixa d' o precio d' os produtos; impide que a ley económica d' a integración produzca resultados proveitosos; non permite o emprego d' as máquinas agrícolas, pois enrédanse n-a tela d' araña que forman as paredes

---

(1) Según os informes que emitiron acerca d' a emigración a Diputación Provincial d' Ourense, a Xunta d' Agricultura, Industria e Comercio d' Ourense e D. Xoan Prau, Inxeñeiro de Montes; D. Tomás Alvarez, Inxeñeiro Agrónomo; a Sociedá «Amigos del País» de Santiago e D. José Vázquez Moreiro, Inxeñeiro Agrónomo, din qu' a escesiva división d' a propiedá é unha d' as causas d' a emigración gallega.

que cerran as leiras; produce a división en partículas, que aumenta os gastos de produción (1) e merma os beneficios; dificulta a difusión d' a enseñanza primaria porque o pequeno labrego róballe os fillos a escola (2) pra emprealos n-os traballos d' as terras; eleva o precio d' o chau porque aumenta a de-

(1) Un labrego que teña unha finca cuadrada de 80 metros de lado, por 6.400 de superficie, pra cercala qu' un valado de tres líneas d' alambre de picos e postes colocados de 10 en 10 metros, tén qu' empregar 960 metros d' alambre e 33 postes. Outro labrego que sea propietario de 16 fincas cuadradas de 20 metros de lado e 400 de superficie cada unha d' elas, qu' estén esparraxidas, si as quer cercar n-as mesmas condicións qu' o outro, ten qu' empregar 3.840 metros d' alambre e 128 postes. Como se ve, iste, a pesar de qu' é dono de 6.400 metros cuadrados de terra com' o anterior, tén qu' empregar 2.880 metros d' alambre e 95 postes máis qu' o outro.

(2) O outro día díxonos un labrego: «Haber si vostedes nos logran que n-a escola d' a nosa parroquia haxa maestro en lugar d' a maestra, pois ésta non pon escola pol-a noite y-os rapaces pol-o día teñen que traballar n-as terras e levar ó monte o gando e non podemos mandalos á escola».



manda d' a terra; mata o espirtu coleutivo; fai os labregos avariciosos e pleiteantes; y-é a causa d' un gran número de inutilidás pr' o servicio militar.

8.<sup>a</sup> Dadas as ruis consecuencias que acarreo a mal dirixida democratización d' a propiedá rural e tendo en conta que esta realiza unha función social de capital importancia, trátase n-a autualidá de realizar a obra de reconstrución d' a dita propiedá, y-a sí se ve que ó mesmo tempo que en algús países se fixa a extensión máisima d' a terra (1) que se pode poseer, inténtase combatir os males d' a escesiva división d' a propiedá, xa por medio d' o «Anerberecht» (dereito d' o herdeiro) que autoriza o pai pra inscribir n-o rexistro un patrimonio familiar que non se podrá dividir á sua morte, mentras tanto que o fillo que o herede o traballe il (2), xa

(1) En Nova Zelanda e n-a Australia meridional, fixouse o máisimo d' extensión de terras que pode posèr un individuo.

(2) O pai que en interés d' a sua familia

por medio d' a «leira mínima legal» (1) como indicou un congreso de sindicatos agrícolas celebrado en Orleans, que pidiu que o límite mínimo d' a leira quedara fixado en cincuenta áreas, xa por medio d' a operación chamada *remembración* que se practica en Alsacia y en varios cantóns de Suiza, a cual

---

queira conservar indivisa unha esplotación agrícola, podrá usar a facultá concedida n-este artículo, dispoñendo que se satisfaga en metálico a lexítima ós demais herdeiros (art. 1056 Código Civil); pero é necesario pra que se cumpra esta disposición, que manifieste clara e precisamente a sua voluntá de conservar indivisa a esplotación a que faga referencia, (resol. 14 Marzo 1901). E mui raro qu' os labregos fagan uso d' esta facultá poñend' ó descuberto a falta de sentido práctico.

(1) Os copropietarios non podrán eisixir a división d' a cousa común cando de facela resulte inservible pr' o uso a que se destina (artículo 401 Código Civil). Si ben é certo que todos os bñs corporales, por punto xeneral, son divisibles materialmente, algú non-o son pol-a sua esencia (Sent.<sup>a</sup> T. S. 14 de Xunjo de 1895). Este principio que pode ter gran aplicación, tratándose d' a propiedá urbana, en canto a propiedá

consiste én que cada propietario troque as partículas de terra alexadas por outras limítrofes, de maneira que se fagan fincas môres sin interrupción. Por outra parte, como queira que o labrego realiza unha función social, os Estados modernos que saben velar pol-os seus intreses, tratan de poñer todol-os medeos pra qu' a dita función se realice en debidas condiciós, e por este motivo, non soio trata de fomentar a enseñanza agrícola, o espirto de irmandá, e a normalidá d' os precios d' os produtos agrícolas, realizando operaciós tan xigantescas como a d' a

---

d' os predios rústicos, é imposible apricalo con ausoluta certeza: ¿cal é a esencia d' unha leira económicamente considerada? ¿O precio d' éla? ¿Os rendementos que lle produzca ó seu dono? ¿Os beneficios que lle poida producir ó que a traballa pol-a sua mau como pago d' o seu esforzo? Aínda qu' o Abogado se decida por unha d' éstas polifasias d' a propiedá territorial ¿estaré acordes con il o Xuzgado? Seguramente que non. ¿Hai algún criterio social a que podamos atañernos? Non.

«valoración d' o café» feita pol-o Estado d' o San Pablo d' o Brasil, senon que trata de delibrar o labrego d' as gazoupas d' os usureiros por medio d' os *handfesten* (1), otórganlle unha espe-

(1) *Handfesten* son unhos bonos hipotecarios numerados, que n-a Alemania pode crear o dono d' unha finca sobre a sua terra, antes de facer préstamo algún, cumprindo certos requisitos tales como a comprobación d' os títulos pol-a Comisión de Créto rural, investigación y-anuncio n-os diarios. Vamos dar unha lixeira espricación d' o modo como se utilizan estos documentos de créto:

O dono d' unha leira que valea cinco mil réas pode constituir sobre ela, por exemplo, cinco *handfesten* de mil réas cada un; estos bonos terán número de orden, 1.º, 2.º, 3.º, 4.º, 5.º; o primeiro tén como garantía a leira toda, o segundo o que sobre despois de pagar o primeiro y-asi sucesivamente. O labrego si tén necesidá de diñeiro precúra negociar o *handfesten* número 5.º; que aínda que vale mil réas com' os outros tén menos garantía, e deixa n-a faltriqueira os outros pra si en tempos máis difíciles lle fai falla negocíalos.

O primeiro *handfesten* estaría redactado así: «A Comisión de Créto rural dá fe pol-a presente que D..... creou sobre a sua leira sita

cie de inamovilidad económica por medio d' o patrimonio familiar inembargable que nos Estados Unidos chámase *Homestead* (1) e cando a función que ll' está encomendada non se realiza como é debido, esprópiaselle a terra que traba-

en..... un HANDFESTEN de mil réds»; o segundo estaría redautad' o mesmo pero encabezado co' a iscrición: *despois de mil réds*; o terceiro o mesmo, pero en lugar d' a anterior iscrición levará estóutra: *despois de dous mil réds*; y así os demáis.

(1) A Instrución de 26 de Abril de 1900 pro procedemento d' apremio administrativo n-o seu art. 69 esceptúa d' o embargo ó gando destinado o traballo y-o carreto d' os frutos d' as terras traballadas pol-o deudor que conste inscrita n-o amillaramento; os carros, arados e demais ferramentas necesarias ó deudor pro traballo d' as suas terras.

A Comisión de *Informe sobre la crisis agrícola y pecuaria* recomendou ó Goberno se autorizara a creación de patrimonios agrícolas cuya extensión non baixe de 30 heutáreas nin escedese de 90, e que tales patrimonios fosen indivisibles pr' os efeutos d' a contratación e d' a testamentificación, e que non pudesen embargarse pr' o pago de deudas a non ser qu' o deudor non poseese outros bés.

lla. En España, pódese, dadas certas circunstancias, amonestar e hasta decretar a cesantía d' o labrego (1) que non desempeñe bén o seu cometido.

---

(1) Todo colono que durante dous anos seguidos outeña unha cosecha notabremente inferior á d' os seus compañeiros, podendo asegurarse que iste resultado é debido á incuria do dito colono, será amonestado pol-a Xunta central, e si ó ano seguinte non se houbera enmendado, será espulsado d' a colonia, (art. 17 d o Reglamento, pr' a aplicacón d' a Lei de Colonización e Repoblación interior, aprobado por R. D. de 15 Marzo 1908).

López de Deza propuxo en 1618 pra fomentar a agricultura varios remedios, e un d' iles foi o que non se premetise ós labregos sair fora d' o reino sin deixar encomendada a labranza d' as suas terras, baixo pena de perdelas.

## FUNDAMENTO D' O DEREITO DE PROPIEDA

Pódense facer dous grupos co' as teorías que tratan d' espricar o fundamento d' o dereito de propiedá: un co' as que fundou a propiedá n-un auto individual, y-outro co' as que a fundan n-un auto social. O primitivo grupo pertenceu ós qu' o fundan n-a *ocupación* y-o *traballo*: o segundo ós qu' o fundan n-o *punto social* e n-a *lei civil*.

A ocupación é a apprehensión material d' as cousas que son de ninguén.

Ainda que as razas primitivas frente ó dereito de conquista puñan a ocupación, porque vale máis como título que

a espulsión d' o débil pol-o forte como non represente o feito d' o traballo non pode servir de fundamento a un dereito perpétuo como a propiedá d' a terra tal como hoxe o concebimos.

¿Será o traballo? Non, aínda que opinen o contrario eminentes economistas, e pra convencernos apriquemos o principio á realidá. As carballeiras, as touzas, os soutos, os amieiros que crecen ás veiras d' os regatos y-os prados naturais ¿son por si ascaso o produto d' o traballo d' os seus donos? Non.

O labrego tén dereito á propiedá d' os frutos, non porque sean o produto d' o seu traballo, senon porque como dono qu' é d' a terra o seu dereito de propiedá esténdese a canto veu d' éla ou se xunt' a éla.

¿Será estonces a convención ou a lei civil o fundamento d' o dereito de propiedá? Tampouco, porqu' a teoría d' a convención está asentada n-unha proposición de *subjecto non supponente*: o *estado anti* ou *estra social* é o xénero



de vida máis natural d' o home e solasmentres por un error se decidiu mediante un convenio, a vivir en sociedade. O home é un ser sociable por natureza. A teoría de Benthan que decía: «A propiedade y-a lei, naceron xuntas e morrerán xuntas. Antes d' a lei ningunha propiedade: quitade a lei, e toda propiedade cesará» non téñ base segura tampouco, pois esquece qu' a lei non cre' a esencia d' o dereito senon que lle sirve de canella; ademáis tal teoría lexitima o despoxo feito pol-o estranxeiro posto que non está suxeto ás leis nacionaes, e admite imprícitamente qu' a lei que creou a propiedade pode desfacela.

¿Cal será, pois, o fundamento d' a propiedade individual? A utilidá social porque os feitos (que ó que se debe atender) demostrannos que hastr' a fecha a propiedade individual foi a condición *sine qua non* pra utilización d' as riquezas y-o (1) estimulante mais enér-

---

(1) «O mesmo progreso d' a agricultura ei-

xico d'a produción e d'aquí o que Balmes diga con moito atino: «sendo todo de todos, igual dereito terfa o traballador que o perguizán, y-os traballos non atoparían recompensa y-así faltaría o estímulo pra traballar».


---

sixe unha esprotación individualista d' o chau. O fin d' a reforma agraria non ha de consistir en facer accesible o chau á tod' a nación como tal, senon á unha gran parte d' os seus súditos, (Dr. Enrique Herkner, catedrático d' Economía n-a Universidá de Berlín)».

---

## ERRATAS

N-a páxina 3 hai unha importante: onde di: *a propiedá é tan inmanente com' a Humanidá*, debe decir: *a propiedá é tan inmanente com' a Humanidá*.



Precio: UN real

REAL ACADEMIA  
GALEGA

F 15819